



No Salón de Sesións da Casa Consistorial do concello de Samos, sendo as trece horas do día **DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZAOITO**, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Julio Gallego Moure, comparecen os Sres. concelleiros D. José Antonio García Jurjo, Dona Marisol Orille Díaz (abandonou a sesión ao remate da votación do punto 4º da orde do día antes do inicio do punto 5º), D. Juan Luís López Díaz, D. José Manuel Campo López, Dona Maria del Carmen Abad Rodríguez e D. José Antonio Real Vázquez (ausentes os Sres. concelleiros D. José Aurelio López López, previa excusa, e sen excusar D. Manuel López Armesto), asistidos pola secretaria municipal Dª. Ana Isabel Candame Areosa, que da fé do acto, co obxecto de celebrar sesión “ordinaria” do **PLENO** deste Concello en primeira convocatoria, previa á mesma.

Xa que asiste o quórum legal para a súa celebración, declarouse aberta a sesión pola Presidencia e procedeuse a examinar os asuntos incluídos na orde do día, que se desenvolveron como se expresa a continuación:

1º. - A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ANTERIORES LEVADAS A CABO EN DATAS 30/11/2017, 01/12/2017 E 10/01/2018.

Ao abeiro do sinalado polo art. 91.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, por parte do Sr. alcalde pregúntase aos Sres. concelleiros asistentes se teñen que facer algunha observación aos borradores das actas das sesións anteriores de datas 30/11/2017, 01/12/2017 e 10/01/2018, que lles foron entregados xunto coa orde do día. Tódolos asistentes sinalan que non teñen obxeción algunha, quedando aprobados nos termos nos que están redatados por unanimidade dos asistentes (sete votos a favor), sendo nove o número legal de membros.

2º.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.

Aos efectos de cumprir co sinalado no artigo 42 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta dos Decretos de Alcaldía ditados dende o derradeiro Pleno, e postos a disposición dos Sres. concelleiros xunto coa restante documentación sometida a exame plenario (dende o nº 2017-0167 ata o nº 2017-0194 e dende o nº 2018-0001 ata o nº 2018-0005).

O Pleno dáse por enterado.

3º.- ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN COAS INSPECCIÓN S LEVADAS A CABO POLA AXENCIA TRIBUTARIA ÁS PERSOAS QUE AXUDAN AOS VECIÑOS NAS LABORES DE RECOLLIDA DE PATACAS, MILLO OU VENDIMIAS.

O sr. alcalde cede a palabra á secretaria municipal, a cal explica que habéndose producido un empate non resolto na votación do punto 11º da orde do día do anterior Pleno ordinario celebrado en data 01/12/2017, e tendo en conta o preceptuado no art. 126.2 do ROF que literalmente sinala: “*En el caso de votaciones con resultado de empate se efectuará una nueva votación, y si persistiera el empate, decidirá el voto de calidad del Presidente*”, considerouse que o máis axustado a dereito sería incluír dito asunto novamente na orde do día desta sesión a efectos dunha nova votación para a adopción do acordo pertinente.

Sen que se produzan intervencións, se procede á votación, e por 1 voto a favor do Sr. concelleiro integrante do Grupo mixto, seis votos en contra dos Sres. concelleiros do Grupo municipal socialista, e ningún voto en contra, e sendo nove o número legal de membros, **non**



resulta aprobada a moción presentada con R.X.E. nº 2017/1359 en data 2 de outubro polo Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, relativa a que o Pleno do Concello de Samos se pronunciara en contra desas inspeccións, defendendo así as costumes propias do noso rural.

4.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA A ADOPCIÓN DE ACORDOS EN RELACIÓN COAS CHAMADAS “ENFERMIDADES RARAS”.

O Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2018/135 en data 29 de xaneiro para ser tratada polo Pleno Corporativo, e a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As chamadas “enfermedades raras” son aquelas que teñen unha baixa incidencia na poboación. Para ser considerada como rara, cada enfermidade específica só pode afectar a un número limitado de persoas. Concretamente, cando afecta a menos de 5 de cada 10.000 habitantes.

Sen embargo, as patoloxías pouco frecuentes afectan a un gran número de persoas, xa que segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), existen cerca de 7.000 enfermidades raras que afectan ao 7% da poboación mundial. En total, estímase que en España existen máis de 3 millóns de persoas con enfermidades pouco frecuentes. Por esta razón, calquera persoa pode sufrir unha patoloxía pouco frecuente, en calquera etapa da súa vida.

Segundo a Federación Española de Enfermedades Raras (FEDER) o 46,6% das persoas afectadas por este tipo de enfermidades non se senten satisfeitas coa atención sanitaria que reciben por motivo da súa enfermidade, o 40% tivo que desprazarse fora da súa provincia nos últimos dous anos por motivo da busca de tratamento ou diagnóstico, o custo do diagnóstico e tratamento da enfermidade supón preto do 20% dos ingresos anuais de cada familia afectada, o 75% das persoas enquisadas con enfermidades raras din sentirse discriminadas por motivo da súa enfermidade, máis do 70% dos afectados posúe o certificado de discapacidade, aínda que o 35% aseguran que non están satisfeitos co grao recoñecido, normalmente porque consideran que non se lles fixo unha valoración axeitada por falta de coñecemento acerca da enfermidade.

Estas estatísticas poñen en relevancia as graves dificultades que teñen na vida diaria tanto as persoas que padecen algunha enfermidade catalogada como rara como as súas familias.



O pasado mes de decembro saltou á prensa a xusta reivindicación dunha familia de Negreira que reclamaba conseguir unha prestación á que deberían ter dereito, a compensación económica da parte do salario que deixaron de percibir para poder coidar da

súa filla que padece unha enfermidade catalogada como rara, que lles é denegada polo simple feito de non atoparse esa enfermidade nas 109 enfermidades incluídas no *Real Decreto 1148/2011, de 29 de xullo, polo que se concede unha prestación económica a aqueles proxenitores que teñan que reducir a súa xornada laboral para coidar a un fillo afectado por algunha enfermidade grave.*

Por estes motivos propoño a Pleno os seguintes

ACORDOS

1. Solicitar ás autoridades pertinentes unha modificación do devandito Real Decreto e que cada seis meses se vaia actualizando segundo vaian aparecendo novas enfermidades.
2. Con motivo do Día Mundial das Enfermidades Raras (ER) que se celebra o 28 de febreiro organizar unha campaña de sensibilización e información sobre esta problemática, que chegue a todos os sectores de poboación, para que os veciños e veciñas de Samos fagan conciencia da importancia destas patoloxías.
3. Apoiar dende o Concello de Samos, todas as iniciativas relacionadas con dar apoio e visibilidade ás persoas afectadas por esta problemática coa finalidade de que os veciños e veciñas do municipio poidan colaborar na medida das súas posibilidades cos colectivos e asociacións organizadoras. “

A continuación se producen as intervencións seguintes:

- SR. ALCALDE.- Eu considero que os veciños de Samos xa son sensibles. A problemática existe, pero a xente xa é consciente. Se hai unha iniciativa, xa se colabora. Non se trata de algo que afecte ao funcionamento do concello.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Hai mocións que presentamos que fan que o concello sexa moderno e solidario aínda que non afecten ao funcionamento do mesmo. É un gran, está claro que un gran non fai graneiro, pero axuda. Se todos os concellos apoian, considerarase.

- SR. ALCALDE.- Facemos o que digades (O sr. alcalde diríxese aos concelleiros do seu Grupo) votamos a favor xa que logo..., e inicia a votación.

Producida ésta, o Pleno Corporativo por unanimidade dos seus 7 membros asistentes (1 do Grupo mixto e 6 do Grupo municipal socialista), sendo 9 o número legal de membros, **aproba a moción anteriormente transcrita.**

Neste intre, sendo ás trece horas e vinte minutos, abandona a sesión a Sra. concelleira D^a Marisol Orille Díaz.



5º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE SE FAGAN AS XESTIÓNS PARA QUE SE DECLARE TODO O PERCORRIDO DO CAMIÑO DE SANTIAGO POLO CONCELLO DE SAMOS COMO ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL.

O Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2018/136 en data 29 de xaneiro para ser tratada polo Pleno Corporativo, e a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia ten en marcha o Proxecto de Areas de Rehabilitación Integral , que supón que se convocan para o ano 2018 as subvencións para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago do Programa de rexeneración e renovación urbanas da prórroga do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

As Áreas de Rehabilitación conforman a base principal das actuacións de rehabilitación en contornos urbanos e rurais por parte do IGVS. Para isto é fundamental a colaboración dos concellos, estas decláranse por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo, a petición dos concellos interesados en que se declare unha área no seu territorio.

A evidente degradación que sufren as edificacións da zona mais vella de Samos como de outros pobos do Camiño de Santiago , requiren solución que ata agora non se tomaron , a declaración de ARI para as zonas antes citadas suporía axudas económicas para vecinos na rehabilitación de vivendas e para a rehabilitación de espazos públicos, que non son desdeñables e podían paliar a situación degradada que sufren.

Por poñer uns exemplos , Concellos como os de Quiroga, Sober ou mesmo Sarria xa teñen unha ARI , con resultados evidentes e importantes.

Por esto propono a Pleno o seguinte:

ACORDO

Que se fagan as xestións para que se declare todo o percorrido do Camiño de Santiago polo Concello de Samos como Area de Rehabilitación Integral. “

Ao remate da lectura da moción se producen as seguintes intervencións:



- SR. ALCALDE.- Vese que vostede neste tema está perdido. Todo o Camiño de Santiago xa o é. Leva sete anos de retraso, vexa o DOG, entrou en vigor o 27/12/2010... Ademáis non o tería que tramitar o concello.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Xa o sei. Non pido na moción que se tramite.

- SR. ALCALDE.- (Lee a parte dispositiva da moción) “Que se fagan as xestións para que se declare todo o percorrido do Camiño de Santiago polo Concello de Samos como Area de Rehabilitación Integral”

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Digo que se fagan as xestións, se podería pedir para sitios concretos como San Cristovo...

- SR. ALCALDE.- Xa está na Área, podémolo pedir si se quere, pero xa están. Eso faino o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Pois na páxina do Instituto Galego non sale Samos. Poderíase facer unha campaña informativa aos veciños.

O Sr. alcalde da por rematadas as intervencións neste punto iniciando a votación, a cal arroxou o seguinte resultado:

Votos a favor: 1 (Grupo mixto)

Votos en contra: 5 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: Ningunha

Sendo nove o número legal de membros, **polo que non se aproba a moción transcrita anteriormente.**

6º.- ASUNTOS URXENTES.

Para dar cumprimento ao sinalado no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde da paso aos asuntos urxentes, sen que se plantexe algún.

Neste punto o Sr. alcalde explica aos Sres. concelleiros asistentes que se o estiman conveniente se inclúe na orde do día da convocatoria como asunto urxente o informe a emitir en relación coa ampliación do horario de peche dos establecementos de hostalería deste concello asociados á APEHL dende o 9 de febreiro ao 13 de febreiro deste ano, ambos inclusive, e dende o 28 de marzo ao 1 de abril deste ano, ambos inclusive, o cal foi solicitado por D. José Francisco Real Castro como Presidente da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo (APEHL) despois da convocatoria do Pleno ordinario. A urxencia se xustifica na remisión do acordo á APEHL coa antelación necesaria para a tramitación da autorización ante a Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Lugo.

Se procede á súa votación, e por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes (seis votos a favor) sendo nove o número legal de membros, se acorda a súa inclusión na orde do día da convocatoria como asunto urxente.



INFORME A EMITIR EN RELACIÓN COA AMPLIACIÓN DO HORARIO DE PECHER DOS ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA DESTE CONCELLO ASOCIADOS Á APEHL DENDE O NOVE DE FEBREIRO AO 13 DE FEBREIRO DESTE ANO, AMBOS INCLUSIVE, E DENDE O 28 DE MARZO AO 1 DE ABRIL DESTE ANO, AMBOS INCLUSIVE.

Vista a solicitude formulada por D. José Francisco Real Castro como Presidente da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo (APEHL) con CIF G-27021005, e presentado a través do Rexistro Xeral de entrada de documentos da Subdelegación do Goberno de Lugo en data 26 de xaneiro de 2018 con nº 000006300e1800233245, rexistro de entrada no Concello de Samos en data 30 de xaneiro con nº de rexistro 2018/139, e a cal a continuación se transcribe:

“ Que con motivo de las próximas fiestas de Carnaval y Semana Santa ese Ayuntamiento emita **informe favorable** a la solicitud presentada por esta Asociación en la Jefatura Territorial de la Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Lugo, para la ampliación de horario de cierre de los establecimientos de hostelería de ese Ayuntamiento, asociados a APEHL, en una hora más de lo legalmente establecido para las siguientes fechas:

- desde el **viernes día 9 de febrero al martes día 13 de febrero**, ambos inclusive.
- desde el **miércoles día 28 de marzo al domingo día 1 de abril**, ambos inclusive.“

Sen que se produzan intervencións, o Pleno do Concello, por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes (seis votos a favor sendo nove o número legal de membros) **ACORDA:**

PRIMEIRO: Informar favorablemente a solicitude presentada pola Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo (APEHL) con NIF G-27021005 na Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Lugo, para a ampliación do horario de peche dos establecementos de hostalería deste Concello, asociados á APEHL, nunha (1) hora máis do legalmente establecido dende o día venres 9 de febreiro de 2018 ata o martes 13 de febreiro de 2018, ambos inclusive, e dende o mércores 28 de marzo de 2018 ao domingo 1 de abril de 2018, ambos inclusive.

SEGUNDO: Remitir á APEHL certificado deste acordo para a súa remisión á Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Lugo.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. alcalde da por iniciada a quenda de **ROGOS**, dando a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura aos presentados no seu escrito con R.X.E. nº 2018/134 en data 29 de xaneiro, e que a continuación se transcriben:

“1. Que se amañen os baches que hai na pista de Pascais a Manxar, pois só se arranxou ata a última casa de Pascais. “

- SR. ALCALDE.- ¿Non ve ás máquinas da Deputación traballando?, xa se está arranxando...

Non formulándose máis rogos, o Sr. alcalde inicia a quenda das **PREGUNTAS**, cedendo a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real



Vázquez, para que proceda a dar lectura ás presentadas en escrito con R.X.E. nº 2018/134 en data 29 de xaneiro. Son as seguintes:

“1.- Por qué se dixo no Pleno do pasado 2 de xuño de 2017 que se facía una modificación de crédito para, entre outras cousas , mercar unha pick up, e logo se mercóu un mini coche ? ”

- SR. ALCALDE.- O presuposto non chegaba para comprar o todoterreo. Pedíronse tres presupostos e colleuse o máis barato. A pesar de que vostede diga que é “un mini coche”, é un 4x4.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Sei canto vale o Jimmy...Si sei que vai a comprar un Jimmy non voto a favor da modificación de crédito. Ao meu entender non vale para nada, e un coche pequeno de todo.

- SR. ALCALDE.- Non se vai a comprar un coche de luxo, é un coche para traballar, e ademáis é 4x4... Un todoterreo máis grande costaba máis que o presuposto que tñíamos para iso.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Bueno, se o aforro serve para traer á orquesta Panorama no S. Benito paréceme ben.

“2.- No pobo de Lamas botóuse cemento donde había asfalto , e no de Pascais , asfalto donde había cemento . Poderíame explicar por qué ? ”

- SR. ALCALDE.- O lío teno montado vostede. É un trozo pequeno, e se fixo así para que quede igual. Lamas é unha zona húmida e o que mellor resiste é o cemento.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Enténdoo, pero cóstame. Nunhas zonas non entra o camiión... unhas veces é mellor o cemento que a zahorra, outras ao revés...

“3.- Hai algún plan de aquí ós vindeiros anos para a promoción turística do Concello de Samos, aproveitando o noso entorno natural como pode ser o Oribio, o Val de Louzara, o Mosteiro etc , aproveitando o tiron que está tendo Galicia ? ”

- SR. ALCALDE.- Logo vostede non ve como se promociona Samos: a través da Mancomunidade, a través de FITUR...

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Se o que se refire con FITUR é ver a Martín falando do Mosteiro, sí o vín, sí. Ademais non sei se quere dicir promocionouno o Concello ou pagouno o Concello, e lle preguntei se hai un Plan, non o que me contestou.

- SR. ALCALDE.- Sí hai un plan, é ese.

“4.- Quixera saber : En que estado se atopa a rede de abastecemento de augas dos pobos e si hai algún plan municipal para casos de sequía extrema. ”

- SR. ALCALDE.- Aquí hai unha rede de titularidade municipal e varias privadas. Se hai sequías seguiremos o procedemento estipulado para a administración.

“5.- Cándo se vai arranxar o muro da área recreativa de Foxos ? ”



- SR. ALCALDE.- Arranxarase cando nos pague o seguro. Por motivos alleos a nós aínda non nos pagou, e se está a traballar neso. Eu confío en que nos próximos días nos pague.

Non habendo máis preguntas, o Sr. alcalde da por rematado este punto da orde do día.
E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. presidente dáse por rematado o acto, sendo as trece horas e trinta minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente,

A secretaria,